

1ª SESIÓN

(22 de abril)

- Os vinte alumnos/as colocados en forma de U.
- Fixemos a presentación de forma lúdica, buscando unha rima. Todos foron capaces de facer a súa aínda que a alguén tívenlles que axudar.
- Escribiron cadanseu nome nunha cuarta parte dun Din A-4 e cun alfinete suxeitárono na roupa á altura do corazón. A partir dese intre xa me dirixo a todos polos seus nomes.
- Anotei no encerado os tres xéneros literarios e fixen un percorrido xeral e teórico sobre cada un deles, marcando certos matices que xa plasmei.

Descanso de 10 minutos

Reanudamos o Obradoiro cunha exposición miña do *Día do Libro*. (O porqué destas celebracións) e isto deume pé para propoñerlles a primeira produción escrita.

Tíñan dúas opcións (a elixir unha). Os comezos deillos eu:

No meu cuarto teño un libro

... (para poesía)

Os libros non son unicarnente ... (para narrativa)

- Demos de 10 a 15 minutos e recollín.
- Fun lendo algúns en alto e ao final de cada lectura preguntaba *Identifícase o autor?* E todos deixaron o anonimato porque estaban satisfeitos do que crearan.

2ª SESIÓN

(28 de abril)

As profesoras tiñan outro espazo preparado que foi fixo para as sesións restantes. Máis grande e coas mesas colocadas en forma de U coma na primeira sesión.

- Rematamos de ler os traballos pendentes do día anterior valorándolles moitas cousas estupendas e corrixindo tamén algunhas expresións, deixándolles claro que as

correccións non eran amonestacións, eran sempre coa intención de procurar melloras, aprender a perfeccionar a escrita e resulte así máis fermosa.

- A continuación expliqueilles unha estratexia lírica (*haikus*) e unha estratexia narrativa (*A partir dunha ilustración*).

Fan o *haiku*.

Descanso de 10 minutos.

Durante o descanso unha alumna acompañoume aos arredores do colexio coa intención de buscar un lugar ao aire libre onde facer, noutra sesión, unha nova estratexia. Demos co sitio axeitado entre árbores e á beira dun río. Os demais alumnos e alumnas quedaron na aula cunha profesora.

- Lemos os *haikus*. Todos os seus autores/as se identificaron libremente sen ningún prexuízo.
- Colguei por distintos lugares da aula varias imaxes fotocopiadas dunha mesma ilustración, para que fosen perfectamente visibles por todos e todas desde o seu lugar de traballo.

3ª SESIÓN

(7 de maio)

- Lin oito relatos seus da sesión anterior, resultado da estratexia de *A partir dunha ilustración* con comentarios favorables aos mesmos. Falamos algo de descrições, recursos que aparecían neles como a repetición, a comparación e traballándoos un pouco, así como diferenciando as partes de cada un: inicio - nó - desenlace.

Como en moitos deles aparecía: *Facía* moito tempo... *Fai* unhas semanas... Aproveitei para explicarlles cómo se utilizaban as formas *Fai* -*Hai*-*Vai* con aspectos de tempo. Pareceulles moi interesante captar a diferenza.

- Expliquei como se pode facer un *acróstico* e xuntos no encerado fomos facendo dous. Un co nome da profesora presente, GINA e outro co da súa localidade, CARNOTA. Logo fixeron cada un o seu; podía ser cos seus nomes ou cos de alguén, nai, pai... a quen llo podían logo regalar.

4ª SESIÓN

(14 de maio)

- Puxen no encerado os tres erros ortográficos máis abundantes (localizados nos traballos deles/as que levei para conxir)

Ir a traballar : ir traballar

él: el

pra: para

- Lin unha selección de dez *acrósticos* comentando detalles bos e cousas que se poderían mellorar.

- Por ser a sesión anterior ao Día das Letras Galegas, nomeei ao autor e deille uns detalles léndolles dous poemas seus *A corneta* e *O carro dos venos* explicándolles o que quería dicir con eses versos e arrinquei cunha nova estratexia:

Co final dun poema comeza o teu.

Os versos elixidos foron de Álvarez Blázquez.

A partir dun verso dado.

Tamén do autor homenaxeado.

Das dúas opcións podían elixir unha. A produción podía ser en verso ou en prosa.

Descanso de 10 minutos

Nova estratexia: *O binomio fantástico*.

As palabras seleccionadas foron *flor* e *barco* e o título traballado A flor do barco.

5ª SESIÓN

(21 de maio)

- Linlles unha mostra (sete) dos textos seus redactados na sesión anterior valorando todo o positivo que neles había e aproveitei dos erros máis salientables darlles a norma: *perfectos rematados en -eu, -iu*.

- Desde a segunda sesión tiña programada unha actividade ao aire libre para a que tiñamos xa elixido o espazo e non se puido facer porque sempre choveu, así que me limitei a describirllela teoricamente.

- De inmediato comezamos coa *maquillaxe* (coidar a presentación) das súas producións literarias feitas ao longo do Obradoiro.